

La educación es política

Jaume Carbonell

Barcelona: Octaedro

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 90

Vivimos momentos de gran preocupación social, provocada por unha crecente limitación de dereitos e liberdades, casos de corrupción a nivel institucional, guerras, agresións ao medio ambiente etc. Nos últimos anos emerxeron colectivos cidadáns para frear no posible estas accións e estar a carón das persoas que as padecen. Este é o contexto no que nace o libro *La educación es política* e vén para lle dar resposta a unha cuestión moitas veces formulada: débense tratar estes temas nas aulas? Para o autor a política está en todos os escenarios onde se convive e se forxa un proxecto comunitario e non se pode apelar á neutralidade, tan defendida polos sectores máis poderosos para impoñer unha determinada maneira de pensar e manter a orde establecida. Nunha sociedade democrática, a educación debe guiar os alumnos para o logro de maiores niveis de liberdade e benestar.

A Política, con maiúscula, debe entrar en cada unha das nosas aulas, o que significa construír unha cidadanía que mire pola igualdade de dereitos e deberes e polo ben común, a través do desenvolvemento dunha actitude crítica e un comportamento ético e transparente. Isto non se logra poñendo límites ao pensamento, senón abrindo estradas que faciliten o coñecemento do mundo, o respecto ao xeito que cada un ten de velo e interpretalo, e comprendendo a

realidade a través do descubrimento e a creación colectiva.

Traballar desde esta perspectiva pode non resultar doado, pero é necesario. Os nosos nenos e mozos reciben una enorme cantidade de información sobre o que ocorre no seu contorno, inmediato e menos preto. A escola debe axudalos a comprender ese coñecemento e ofrecerlles a oportunidade de axustar as súas ideas a partir do diálogo e a escoita, presentando feitos a debate, provocando dúbidas e preguntas, e aceptando pluralidade de voces e posturas. Todas estas cuestións son esclarecidas na primeira parte do libro.

Na segunda, Carbonell fai un percorrido por catástrofes ecolóxicas de grande magnitude, como *O Prestige* e os incendios que sufriu Galicia en outubro de 2017. Analiza as súas consecuencias ambientais e sociais, o nivel de participación dos responsables políticos e a resposta de profesores e alumnos nas áreas afectadas. Aborda as guerras do século XX e o seu tratamento educativo, que esixe un compromiso ético do profesorado para achegar aos nenos e mozos ao seu coñecemento, tan indispensable para tomar o camiño do ben e abrazar unha cultura de paz. Finalmente fai un repaso arredor do referendun do 1 de outubro en Cataluña e os atentados de Barcelona e Cambrils. No primeiro caso para responder as preguntas propias dos alumnos: "Votar está prohibido?" "Por que hai políticos no



cárcere?" "Por que é ilegal o referendun?". No segundo para reflexionar sobre o que puido pasar para que uns mozos, aparentemente ben integrados nunha pequena poboación, pioneira á hora de reducir a segregación, decidisen cometer actos tan desprezables.

Un texto, áxil e a un tempo reflexivo, que responde interrogantes educativos de agora mesmo. Nun momento no que a sociedade clama pola rexeneración das institucións e por máis democracia, a educación non se pode deixar fóra: presenta sólidos e contundentes argumentos, que nos invitan a avanzar nese camiño. Doutra banda, as moitas boas prácticas que achega permiten imaxinar que a utopía pode facerse realidade. ■

Gena Borrajo